

**F**orza, que acolle a todas nós, ante todo, xuntas, en contra do mundo, en contra do patriarcado

**E**nfeitizadas polo vento, polos bosques, somos as netas das meigas que aínda non puideron queimar

**M**ágoa que despois de tantos anos, o odio cara a nós prevaleza nas entrañas da sociedade  
**I**gualdade que aínda non é cumprida por unha poboación que cada vez viaxa máis atrás no tempo

**N**on queremos ser educadas para ter medo, a nosa fortaleza debería deixar de ser necesaria para sobrevivir neste mundo atroz

**I**mpertérritas ante a dor, a violencia, o denigrante que envolve a humanidade

**S**abemos que isto non será fácil, pero tristemente aínda queda moito por batallar

**M**ulleres, increíbles, magníficas, fortes, loitan incansables ante os actos efémeros que quedan como pegadas infinitas no noso mundo

**O** proceso está sendo difícil, duro, seguen matándonos, seguen infravalorándonos, seguen sen aceptar a igualdade

Aínda que hai que seguir, por nosoutras, polas que veñen e polas que xa non teñen voz, xuntas, eternas, incansables, imbatibles.